

PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS PARA INGRESAR POR PROMOCIÓN INTERNA EN CATRO PRAZAS DO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA (GRUPO C)

Cuestionario composto de 50 preguntas e 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha delas é correcta. Non se descontará puntuación por respostas incorrectas.

A resposta que se considere correcta sinalarase cun X sobre a letra correspondente ~~X~~. Para rectificar unha resposta rodearase cun círculo a letra marcada  e sinalarase a nova resposta igualmente cun X

1.- O título XII do Regulamento do Parlamento de Galicia ten por rúbrica:

- a) Procedementos lexislativos especiais
- b) Das especialidades do procedemento lexislativo
- c) Das especialidades do procedemento lexislativo ordinario

2.- ¿Cantos capítulos compoñen o “Título V: das disposicións xerais de funcionamento” do Regulamento do Parlamento de Galicia?:

- a) Tres
- b) Cinco
- c) Sete

3.- NON forman parte dos órganos do Parlamento de Galicia:

- a) O Pleno
- b) As comisións
- c) Os partidos políticos

4.- A Deputación Permanente será convocada:

- a) Polo presidente do Parlamento.
- b) Por dous grupos parlamentarios.
- c) Por dous grupos parlamentarios ou por unha quinta parte dos membros do Parlamento.

5.- ¿Quen fixa as ordes do día das comisións?:

- a) A Mesa do Parlamento
- b) O presidente da Comisión
- c) A Mesa da Comisión

6.- Segundo o artigo 70.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as sesións das comisións, xeralmente, son:

- a) Públicas
- b) Secretas
- c) A porta pechada

7.- Segundo o artigo 122 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ¿a quen lle corresponde a iniciativa nas proposicións de lei?:

- a) A un/unha deputado/a coa sinatura doutros catro membros da Cámara.
- b) A un grupo parlamentario coa sinatura do seu portavoz.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

8.- ¿Quen promulga as leis aprobadas polo Parlamento de Galicia?:

- a) O rei
- b) O presidente do Parlamento
- c) O presidente da Xunta de Galicia

9.- Segundo o artigo 163.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as proposicións de lei que se vaian presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados deberán ser aprobadas:

- a) Por maioría simple.
- b) En derradeira votación, polo Pleno do Parlamento de Galicia, por maioría absoluta.
- c) Pola Mesa do Parlamento de Galicia.

10.- Segundo o artigo 163.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, para a designación dos/das deputados/as que teñan que defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, cada deputado/a escribirá:

- a) Un nome na papeleta correspondente.
- b) Dous nomes na papeleta correspondente.
- c) Tres nomes na papeleta correspondente.

11.- De conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia:

- a) Será elixido polo Parlamento de Galicia entre os seus membros e será nomeado polo presidente do Parlamento de Galicia.
- b) Será elixido polo Parlamento de Galicia entre os seus membros e será nomeado por el-rei.
- c) Debe ser galego de nacemento.

12.- Segundo o artigo 137 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Parlamento de Galicia pode esixir a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros, con suxeición ao establecido nos artigos 10, 15.4 e 17 do Estatuto de Autonomía e nas leis de Galicia que o desenvolvan:

- a) Mediante a adopción dunha cuestión de confianza.
- b) Mediante a adopción dunha moción de censura.
- c) A través das iniciativas de control e impulso establecidas no Regulamento do Parlamento.

13.- De conformidade co artigo 152 do Regulamento do Parlamento de Galicia, nas sesións plenarias ordinarias as e os portavoces dos grupos parlamentarios poderanlle formular preguntas á Presidencia da Xunta de Galicia. ¿Quen fixará o número e a distribución proporcional en cada período de sesións?:

- a) A Presidencia, de acordo coa Mesa.
- b) A Mesa, oída a Xunta de Portavoces.
- c) A Presidencia, de acordo coa Xunta de Portavoces.

14.- Segundo o artigo 157.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación por escrito ás preguntas deberá realizarse:

- a) Dentro dos vinte días seguintes á súa publicación, podendo prorrogarse este prazo por petición motivada da Xunta e por acordo da Mesa do Parlamento por outro prazo de ata vinte días máis.
- b) Dentro dos vinte días seguintes á súa publicación, non podendo prorrogarse este prazo.
- c) Dentro dos tres días seguintes á súa publicación, podendo prorrogarse este prazo por petición motivada da Xunta e por acordo da Mesa do Parlamento por outro prazo de ata tres días máis.

15.- Segundo o artigo 143.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o desenvolvemento das sesións informativas da Xunta de Galicia nas Comisións constará das seguintes fases:

- a) Exposición oral do conselleiro, suspensión por un tempo máximo de dous días, para que os deputados e grupos parlamentarios poidan preparar a formulación de preguntas ou observacións, e posterior contestación destas polo membro da Xunta.
- b) Exposición oral do conselleiro, suspensión por un tempo máximo de corenta e cinco minutos, para que os deputados e grupos parlamentarios poidan preparar a formulación de preguntas ou observacións, e posterior contestación destas polo membro da Xunta.
- c) Exposición oral do presidente da Xunta, suspensión por un tempo máximo de corenta e cinco minutos, para que os deputados e grupos parlamentarios poidan preparar a formulación de preguntas ou observacións, e posterior contestación destas polo membro da Xunta.

16.- Segundo o artigo 141 bis.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, con carácter anual o Pleno celebrará o debate sobre política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo:

- a) que o Pleno do Parlamento decida por maioría absoluta que non se celebre.
- b) cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.
- c) que a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, desbote a súa celebración.

17.- Segundo o artigo 81.2 da Constitución, a aprobación, modificación ou derogación das leis orgánicas esixirá:

- a) Maioría absoluta do Congreso nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.
- b) Maioría absoluta das Cortes Xerais nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.
- c) Maioría absoluta do Congreso de cada un dos seus artigos.

18.- Segundo o artigo 82.3 da Constitución, a delegación lexislativa haberá que outorgarlle ao Goberno:

- a) de forma tácita para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio.
- b) de forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio.
- c) de forma irrevogable para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio.

19.- O artigo 97 da Constitución, ¿a quen lle atribúe o exercicio da potestade regulamentaria, de acordo coa Constitución e as leis?:

- a) Ao Goberno
- b) Á Coroa
- c) Ás Cortes Xerais

20.- De acordo co artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos, os regulamentos:

- a) deberán publicarse no diario oficial correspondente e, adicionalmente, e de maneira facultativa, as Administracións Públicas poderán establecer outros medios de publicidade complementarios.
- b) poderán publicarse no diario oficial correspondente ou por calquera outro medio de publicidade que garanta o coñecemento polo seu destinatario.
- c) deberán notificarse e, adicionalmente, e de maneira facultativa, as Administracións Públicas poderán establecer a súa publicación no diario oficial correspondente.

21.- Segundo os artigos 33 e 34 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿cal é certa?:

- a) Non caberá recurso ningún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.
- b) Os actos administrativos que ditén as administracións públicas, ben de oficio ou por instancia do interesado, serán producidos polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.
- c) As dúas respostas anteriores son certas.

22.- Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿cales serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito?:

- a) Os actos que limiten dereitos públicos subxectivos ou intereses lexítimos.
- b) Os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos, recursos administrativos e procedementos de mediación e os que declaren a súa inadmisión.
- c) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.

23.- Segundo o artigo 41.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación á notificación, ¿cal é falsa?:

- a) Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, a notificación practicarase polo medio sinalado para o efecto por aquel.
- b) Esta notificación será electrónica nos casos nos que exista obriga de relacionarse desta forma coa Administración.
- c) Cando non for posible realizar a notificación de acordo co sinalado na solicitude, practicarase en calquera lugar adecuado para tal fin e por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante, así como da data, o lugar e o contido do acto notificado.

24.- Segundo o artigo 41.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa, ¿como debe actuar o funcionario?:

- a) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias da tentativa de notificación e o medio.
- b) Darase por efectuado o trámite.
- c) As dúas respostas anteriores son certas e sucesivas.

25.- Segundo o artigo 75.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿que deberán garantir as aplicacións e sistemas de información utilizados para a instrución dos procedementos?:

- a) O control dos tempos e trámites.
- b) A identificación dos órganos responsables.
- c) A tramitación priorizada dos expedientes.

26.- Segundo o artigo 75.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿como deberán practicarse os actos de instrución que requiran a intervención dos interesados?:

- a) Na forma que resulte máis eficiente para eles e sexa compatible, na medida do posible, coas súas obrigas laborais ou profesionais.
- b) Na forma que resulte máis conveniente para eles e sexa compatible, na medida do posible, coas súas obrigas laborais ou persoais.
- c) Na forma que resulte máis conveniente para eles e sexa compatible, na medida do posible, coas súas obrigas laborais ou profesionais.

27.- Segundo o artigo 106.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿quen declarará de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen impugnados en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1?:

- a) Os órganos administrativos.
- b) As autoridades.
- c) As administracións públicas.

28.- Segundo o artigo 106.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿en que prazo, de oficio e logo de ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houber, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 47.2?:

- a) Nun ano.
- b) En calquera momento.
- c) En catro meses.

29.- Segundo o artigo 14.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ¿que é a concesión de obras?:

- a) É un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións públicas, incluídas as de restauración e reparación de construcións preexistentes, así como a conservación e mantemento dos elementos construídos, e no que a contraprestación a favor daquel consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar a obra no sentido do apartado cuarto seguinte, ou ben no dito dereito acompañado do de percibir un prezo.
- b) É un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións solicitadas no prego, incluídas as de restauración e reparación de construcións existentes, así como a conservación e mantemento dos elementos construídos, e no que a contraprestación a favor daquel consiste, ou ben no dereito a explotar a obra no sentido do apartado cuarto seguinte, ou ben no dito dereito acompañado do de percibir un prezo.
- c) É un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o artigo 13, incluídas as de restauración e reparación de construcións existentes, así como a conservación e mantemento dos elementos construídos, e no que a contraprestación a favor daquel consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar a obra no sentido do apartado cuarto seguinte, ou ben no dito dereito acompañado do de percibir un prezo.

30.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ¿que contido poderá comprender, ademais, o contrato de concesión de obras?:

- a) A adecuación, reforma e modernización da obra por petición da administración concedente para adaptala ás características técnicas e funcionais requiridas para a óptima prestación dos servizos ou a realización das actividades económicas ás que serve de soporte material.
- b) As actuacións de reposición e gran reparación de infraestruturas que sexan esixibles en relación cos elementos que debe reunir cada unha das obras para manterse apta a fin de que os servizos e actividades aos que aquelas serven poidan ser desenvoltoos adecuadamente de acordo coas esixencias económicas e as demandas do progreso social.
- c) O contrato de concesión de obras poderá tamén prever que o concesionario estea obrigado a proxectar, executar, conservar, repoñer e reparar aquelas obras que sexan accesorias ou estean vinculadas coa principal e que sexan necesarias para que esta cumpra a finalidade determinante da súa construción e que permitan o seu mellor funcionamento e explotación, así como a efectuar as actuacións ambientais relacionadas coas mesmas que neles se prevexan. No suposto de que as obras vinculadas ou accesorias poidan ser obxecto de explotación ou aproveitamento económico, estes corresponderán ao concesionario conxuntamente coa explotación da obra principal, na forma determinada polos pregos respectivos.

31.- Segundo o artigo 188 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os efectos dos contratos administrativos rexeranse:

- a) pola propia Lei 9/2017.
- b) polos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas xerais e particulares.
- c) as dúas respostas anteriores son correctas.

32.- Segundo o artigo 195 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para ampliarlle o prazo do contrato, no suposto dun atraso na execución, por motivos non imputables ao contratista, débese cumprir:

- a) que o solicite o responsable do contrato.
- b) que o contratista deposite un aval proporcional ao atraso.
- c) que o contratista ofrezca cumprir os compromisos se se lle amplía o prazo inicial.

33.- Segundo o artigo 2 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a estrutura orgánica da Administración do Parlamento está conformada por:

- a) A Mesa, a Presidencia e a Oficialía Maior.
- b) A Mesa, a Presidencia, a Oficialía Maior, os Servizos Xurídicos e a Intervención e Asuntos Económicos.
- c) A Mesa, a Presidencia, a Oficialía Maior, os Servizos Xurídicos, a Intervención e Asuntos Económicos e as unidades administrativas das distintas áreas funcionais.

34.- Segundo o capítulo III do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, as competencias da xestión administrativa dos expedientes de subvencións, bolsas e premios atribúenselle:

- a) Ao Gabinete da Presidencia.
- b) Ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- c) Á Intervención e Asuntos Económicos.

35.- Segundo o artigo 20 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, poñen fin á vía administrativa:

- a) Os actos administrativos da letrada ou letrado oficial maior.
- b) Os actos administrativos da Mesa do Parlamento e da súa Presidencia.
- c) O recurso contencioso-administrativo.

36.- Segundo o artigo 5.3 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, as prazas ocupadas por persoal temporal por razón de necesidade e urxencia deberán:

- a) ser ocupadas por un máximo de 6 meses.
- b) ser provistas con carácter permanente no prazo dun ano.
- c) incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia dun ano do persoal temporal no seu posto.

37.- Segundo o artigo 90 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, incoar os expedientes e impoñer sancións por faltas graves e moi graves correspóndelle:

- a) Á Presidencia do Parlamento.
- b) Á Oficialía Maior.
- c) Á Mesa do Parlamento.

38.- Segundo o artigo 6 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o persoal funcionario de carreira da Administración parlamentaria que sexa nomeado persoal eventual pasará á situación administrativa de:

- a) Comisión de servizo.
- b) Servizos especiais.
- c) Suspensión de funcións.

39.- Segundo o capítulo IX do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a persoa funcionaria de carreira que sexa designada asesora dos grupos parlamentarios das Cortes Xerais atoparase na situación administrativa de:

- a) Servizo activo.
- b) Servizo noutras administracións.
- c) Servizos especiais.

40.- Segundo o capítulo XIV do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, ¿cal das seguintes actividades NON as poderá exercer en ningún caso o persoal funcionario en servizo activo no Parlamento de Galicia?:

- a) A elaboración de informes ou ditames para as administracións públicas.
- b) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social.
- c) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica.

41.- Segundo o artigo 52.1 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, as retribucións do persoal funcionario de carreira clasifícanse en:

- a) Básicas e complementarias.
- b) Comúns e complementarias.
- c) Básicas e extraordinarias.

42.- Segundo o artigo 52.3 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, ¿que afirmación é certa sobre o complemento de produtividade?:

- a) As cantidades que percibe o persoal funcionario por este concepto non serán públicas e requiren dun acordo previo coa Xunta de Persoal.
- b) Para a súa asignación requírese a existencia de sistemas obxectivos que permitan avaliar o desempeño ou medir o rendemento.
- c) Non existe ese capítulo no Estatuto.

43.- Segundo o Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, no artigo 14.3, un mesmo acto administrativo poderá abranguer máis dunha fase de execución do orzamento de gastos, podéndose dar unha serie de casos. Indica que caso NON se pode dar:

- a) Autorización-disposición.
- b) Disposición-recoñecemento da obriga.
- c) Recoñecemento da obriga-ordenación do pagamento.

44.- Segundo o Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, no artigo 15.2, a Mesa do Parlamento poderá delegar no presidente do Parlamento de Galicia:

- a) O recoñecemento e a liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
- b) As funcións de ordenación de pagamentos.
- c) A aprobación de créditos de autorización ou disposición ata a contía que se determine.

45.- En Word 365, se queremos buscar un texto e substituílo por outro, ¿que combinación de teclas temos que premer para acceder á correspondente funcionalidade?:

- a) Control + F
- b) Control + L
- c) Control + R

46.- En Excel 365, queremos calcular na cela C5 a suma das celas C2 e C4; ¿que se debe poñer na cela C5 para facer o cálculo correcto?:

- a) =Suma(C2,C4)
- b) =Suma(C2:C4)
- c) =Suma(C2;C4)

47.- En Outlook 365, ¿cal destas afirmacións é a correcta sobre os destinatarios?:

- a) O campo “para” é obrigatorio. Toda mensaxe debe levar un destinatario principal.
- b) É obrigatorio indicar un destinatario. Este pode ir en calquera dos campos “para”, “cc” ou “cco”
- c) Se un destinatario responde á mensaxe tamén se lle enviará unha copia ás persoas do campo “CCO”, pois significa “con copia obligatoria”.

48.- En Outlook 365, na lista das mensaxes ¿Como sabemos se unha mensaxe ten documentos adxuntos?:

- a) Aparece unha icona dun cartafol ao lado da mensaxe.
- b) Aparece unha bandeira vermella ao lado da mensaxe.
- c) Aparece unha icona con forma de clip ao lado da mensaxe.

49.- En Adobe Acrobat, se se quere realizar unha busca no texto do arquivo pdf aberto ¿Cal é a combinación de teclas que teño que premer?:

- a) Control + F
- b) Control + L
- c) Control + B

50.- En Adobe Acrobat, se estou visualizando a páxina 2 do pdf e premo Control + B, ¿que quero facer?:

- a) Iniciar unha busca de texto no documento a partir dese punto.
- b) Crear un novo marcador que apunta á páxina 2.
- c) Poñer en negriña o texto seleccionado da páxina 2.

R1.- Segundo o artigo 80 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios intervirán nas roldas xerais:

- a) en orde inversa á súa importancia numérica, comezando polo grupo parlamentario de menor número de membros.
- b) comezando polo grupo parlamentario que teña o maior número de membros.
- c) comezando polo grupo parlamentario que fixe a Xunta de Galicia.

R2.- Segundo o artigo 74 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ¿con cantas antelación mínima se deberá enviar aos deputados da Cámara a documentación dunha sesión?:

- a) A semana anterior.
- b) Con corenta e oito horas de antelación.
- c) Xusto antes do inicio da sesión.

R3.- Segundo o artigo 41.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en ningún caso se efectuarán por medios electrónicos, ¿cales das seguintes notificacións?:

- a) Aquelas nas que o acto que se vai notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.
- b) As que conteñan medios de pagamento a favor dos obrigados, tales como talóns.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

R4.- Segundo a normativa autonómica en materia de igualdade, enténdese que, para os efectos da valoración técnica das prazas de funcionarios e funcionarias, nun corpo, escala, grupo ou categoría existe predominancia:

- a) cando exista unha maioría de homes ou de mulleres.
- b) cando exista una diferenza superior aos 10 puntos porcentuais de homes sobre mulleres.
- c) cando exista una diferenza porcentual de, polo menos, 20 puntos porcentuais entre o número de homes e de mulleres.

R5.- O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia di, no seu artigo 52.2, sobre as pagas extraordinarias que:

- a) Serán tres pagas ao ano, que serán efectivas nos meses de abril, xullo e decembro.
- b) Serán dúas ao ano, que se farán efectivas nos meses de xuño e decembro.
- c) Serán dúas ao ano, que se farán efectivas nos meses de xaneiro e agosto.